

**ALBERTE MONTES ACTOR****«Eu non fago distincións entre actores e monologuistas»**

*Despois de ter feito teatro, cine e televisión, onde colaborou con El Terrat, o actor iniciase co monólogo cómico en galego*

**C. CRESPO**

VILAGARCÍA

Naceu nunha aldea da provincia de Lugo e con cinco anos foi como «emigrante involuntario» a Barcelona. Alí desenvolveu a súa carreira como actor e agora retorna a Galicia como monologuista cun espectáculo «de transgresión carnavalesca para disfrazar a realidade con retransca». Esta noite (23 horas) preséntao no pub Pílon de Cambados.

—**¿Fai os monólogos en galego?**

—Si, si, en Galicia sempre. Hai temas dos que falo, como o da propia idiosincrasia dos galegos ou das nosas tradicións, que hai que facelos en galego si ou si.

—**¿E cando actúa en Cataluña?**

—Alí fágoos en español.

—**Non deixa de ser curioso tendo en conta que leva en Barcelona toda a súa vida...**

—Pode que si. De feito eu manéxome ben en catalán e teño feito teatro e cine nese idioma. Pero, por exemplo, á hora de improvisar sítome aínda coxo.

—**¿É a improvisación, logo, un apartado importante nos seus espectáculos?**

—Si, gústame bastante. Non é que non leve nada preparado, máis ben ao contrario, pero déixome levar e trato de aproveitar calquera cousa que se saia do guiión para sacarlle punta. E coído que o público agradece moito cando se dá conta de que hai algo que non forma parte do espectáculo, que está nacente, que se está creando nese momento.

—**Vostede ven do mundo da interpretación. ¿Sabe que hai**



Alberte Montes actúa esta noite no pub Pílon de Cambados

**monologuistas que consideran «intrusos» aos actores que agora aproveitan o éxito do formato?**

—Eu non fago distincións. Penso que calquera monologuista, dende o máis teatral ata o que sae só cun taburete, ten que ter algo de actor. A fin de contas, todos somos currantes da risa.

—**¿Por onde vai o seu estilo? ¿É do tipo «El club de la comedia» ou semella máis aos dos contadores galegos?**

—Estou un pouco a caballo das dúas cousas. No meu espectácu-

lo vou soltando chistes rápidos, ao estilo dos da Paramount, pero tamén teño un fio condutor en torno ao que se vai narrando unha historia.

—**Traballou en televisión con El Terrat, como foi a experiencia?**

—Foron cousas moi puntuais. Algunhas colaboracións con Salvados e pouco máis. Pero si que teño unha relación fluida con eles e agardo que no futuro poida darme froitos. Dende logo é un medio que me interesa e estou disposto para todo.